



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso monográfico As directrices de técnica normativa: como redactar boas normas con claridade.

CONVOCATORIA: Curso monográfico As directrices de técnica normativa: como redactar boas normas con claridade.

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	16
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2025
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	C.MONOGRÁFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 02/12/2025 - 09:00h ao 14/12/2025 - 23:59h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Hoxe en día a Administración exerce un papel esencial na regulación das relacións sociais desde todas as súas perspectivas, ben como propoñente das normas que han aprobar os respectivos parlamentos ben como lexislador material en determinados ámbitos. Para que este labor normativo se desenvolva de forma óptima, debe axustarse a unha serie de directrices que constitúen unha sorte de manual común para todas as entidades públicas.

Neste curso abordarase, desde un punto de vista práctico, o proceso de elaboración dunha norma, analizando como se deben estruturar os contidos que a integran e que linguaxe e estilo se debe utilizar para que as normas sexan certas e comprensibles, así como en xeral todos aqueles aspectos que se deben observar para que a produción normativa sexa de calidade.

DESTINATARIOS

Persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega, dos seus entes públicos instrumentais e da Administración institucional, que se encadre nalguna das seguintes categorías:

- a) Grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario.
- b) Grupos I e II do persoal laboral.

PROGRAMA

O curso estará organizado en catro módulos. Os temas que se tratarán en cada módulo serán os seguintes:

- Módulo 1. Introducción. Antecedentes, marco normativo e transcendencia da técnica lexislativa.
- Módulo 2. Estilo normativo. Linguaxe clara.
- Módulo 3. Técnica normativa.
- Módulo 4. Caso práctico.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A admisión levarase a cabo de acordo co indicado para as persoas destinatarias na base terceira da convocatoria. A orde de selección virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes ata completar o número de prazas.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade todas as persoas deberán introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo co establecido para as persoas destinatarias e requisitos de selección nas bases terceira e oitava, respectivamente, da convocatoria.

As persoas interesadas deberán seleccionar primeira a área na que está integrada esta actividade (Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas) e despois seleccionar en “nome do curso”: Curso monográfico As directrices de técnica normativa: como redactar boas normas con claridade.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 16/12/2025 a 17/12/2025

NUM. PRAZAS: 30

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

Joaquin Meseguer Yebra

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

AULA 1 (COLMEIRO): O día 16 de decembro de 09:30 a 14:30. O día 16 de decembro de 16:30 a 19:30. O día 17 de decembro de 09:30 a 14:30. O día 17 de decembro de 16:30 a 19:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA